



BIOGRAFÍA. FELIPE ARIAS VILAS



Felipe Arias. 1982

Naceu en Lugo en 1949.

Licenciouse en Filosofía e Letras (sección Xeografía e Historia) na Universidade de Santiago de Compostela en 1971, con Premio Extraordinario de Licenciatura

(coa Tese de Licenciatura sobre as Murallas romanas de Lugo, publicada en 1972).

Foi Profesor de Historia e de Arqueoloxía e Bolseiro de investigación na Universidade de Santiago entre 1971 e 1974.

Funcionario do corpo facultativo de Museos desde 1974, foi Director-Conservador do Museo Provincial de Lugo entre 1976 e 1984, e desde 1983 director do Museo do Castro de Viladonga (Castro de Rei, Lugo) ata a súa xubilación en 2014. Desde 1982 dirixe así mesmo os traballos arqueolóxicos neste xacemento.

Foi director xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia, de 19-VIII-2005 a 24-IV-2009.

Membro da Sección de Arqueoloxía e Prehistoria do Instituto de Estudos Galegos 'Padre Sarmiento' desde 1971, e Xefe da mesma desde 1977 a 2000.

Membro patrón fundador do Museo do Pobo Galego (desde 1975), promotor do Consello Galego de Museos, é tamén membro de diversas Comisións relacionadas co Patrimonio Histórico e Arqueolóxico, así como do Consello Internacional de Museos e doutras entidades de carácter académico, científico e cultural.

Asistiu a máis de oitenta congresos, coloquios, cursos e seminarios de temática histórica e patrimonial, celebrados en Galicia, España e Portugal; participou en máis de trinta campañas de escavación e prospección arqueolóxica en varios xacementos e comarcas

galegas. Interveu en máis de trescentas conferencias, charlas e mesas redondas sobre temas de Arqueoloxía, Historia, Patrimonio Cultural, Museos e temas similares.

Así mesmo, é autor de máis de duacentas cincuenta publicacións en forma de libros, artigos e colaboracións varias sobre temas de Arqueoloxía galega e lucense, Epigrafía e Numismática romanas, Museos, Patrimonio histórico-artístico, etc.,

destacando diversos estudos e traballos sobre as murallas, as termas, as inscricións e outros aspectos do Lugo romano, guías arqueolóxicas e de museos coma o de Lugo, San Paio de Narla e Castro de Viladonga, catálogos de exposicións, informes e memorias de escavacións, unha síntese sobre a Romanización de Galicia, varios traballos sobre os Museos galegos, etc.